

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE XUÑO DE 2015.

Asistentes:**Alcalde-Presidente:**

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luis M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día tres de xuño de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 5 de maio de 2015.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE INMOBILIARIA SEIRAMAR S.L. RELATIVO A LICENZA DE EDIFICIO COMPOSTO DE SOTANO, PLANTA BAIXA TRES ALTURAS E BAI XO CUBERTA PARA 4 VIVENDAS EN C/CAMIÑO REAL N^o 24.-XOVE.

Vista solicitude formulada por Inmobiliaria Seiramar S.L. con CIF.-B27331354 con domicilio en C/Camiño Real N^o 24.-(27870 Xove) para a realización de obras de edificio composto de sotano, planta baixa tres alturas e baixo cuberta para 4 vivendas en Camiño Real, 24 (27870 Xove).

Expediente:1660/15.- Ref. Catastral.:0282016PJ2308S0001QF.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

1^o.-A edificación que se pretende executar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polos arquitecto Don José E.Domenech de Aspe y Dona María Luz Blanco Losa, sitúase dentro da área delimitada como Solo urbán do núcleo de Xove. Ordenanza 2 (o-2).Edificación residencial entre medianeras, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012.

2^o. -No proxecto, xustifícase, no seu apartado 1.4.3 da Memoria urbanística, o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de localización 02, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa urbanística.

3^o.-Acompáñase anexo a memoria do proxecto no que se xustifica o cumprimento das condicións de habitabilidade do decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia.(NHV-2010)

Cadro comparativo dos diferentes apartados a cumprir, cos seus articulados e conceptos.

4^o. -No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:

- *Cumprimento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (DB-SI)*
- *Cumprimento e xustificación do DB de seguridade de utilización e accesibilidade. (DB-SUA).*
- *Cumprimento del DB-SE. Seguridade estrutural.*
- *cumprimento do DB-HS.Salubridad.*
- *Cumprimento e xustificación do DB de enerxía. (DB-HE).*
- *Cumprimento e xustificación do HR Protección fronte al ruído.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *En proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais a rede xeral municipal, así como o abastecemento de auga potable, igualmente da rede municipal, polo que previo á concesión da licenza de primeira utilización, **deberase garantir ter resoltos os servizos básicos da edificación.***
- *Asímesmo as beirarrúas que dan fronte a parcela e a edificación, deberán estar executadas na súa totalidade*
- *Previo ao inicio das obras, achegarase a correspondente documentación dos técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico, así como o Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución das obras.*
- *Achegarase igualmente a cédula de identificación catastral da parcela, ou a súa escritura.*
- *Os devanditos documentos achegaranse conxuntamente co **proxecto de execución** e para os efectos de comprobación conxunta coa acta de reformulo previo ao inicio das obras.*
- *Recórdase igualmente ao promotor a obrigatoriedade de instalar en lugar visible das obras, un cartel 1,50 metros de lonxitude e 1,00 metros de ancho, en cor branca e texto negro, segundo o formato dispoñible nas dependencias municipais, e que deberá cumprirse con todos os seus datos:*
 - *Parámetros urbanísticos aplicables.*
 - *Promotor das obras, construtor.*
 - *Nº de expediente de licenza.*
 - *Data de inicio e finalización das obras.*
 - *Técnicos directores de obra, arquitecto e arquitecto técnico.*
 - *Coordinador de seguridade e saúde na execución das obras.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, o promotor deberá solicitar a correspondente licenza de primeira utilización de acordo co artigo 195.6 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola lei 15/2004 do 29 de decembro.LOUG.*
- *Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais se refire como a normativa correspondente.*
- *Os retranqueos a vial, axustaranse ao previsto no sistema viario, do P.X.O.M en vigor no Concello de Xove.*
- *Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade, tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.*
- *A posible instalación de grúa para a execución das obras deberá dispoñer de licenza de obra independente, coa achega documental correspondente.*
- *Coa achega do Proxecto de Execución achégase o Estudio Básico de Seguridade e Saúde, asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente.*

- *Co Proxecto de Execución e Acta de reformulo, deberase dar así mesmo da empresa construtora das obras co seu c.i.f e dirección correspondente antes do comezo das obras.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio publico en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos, o promotor deberá solicitar a correspondente Licenza de Primeira utilización, coa achega dos documentos técnicos correspondentes, e de acordo co Artigo 195.6 da Lei 9/2002 modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.*
- *Así mesmo antes do inicio das obras e conxuntamente coa acta de reformulo, deberanse reflexar as áreas de cesión por retranqueo de aliñacións, pasando a devandita cesión a ser espazo de dominio publico, e que quedará reflectido na correspondente acta de conformidade do reformulo, por parte do promotor.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 408.924,16€ sávo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 8.178,48€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses , e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE D^a YOLANDA COCIÑA RIVAS RELATIVO A HABILITACION INTERIOR DE EDIFICACION EXISTENTE PARA USO RESIDENCIAL E AMPLIACION LATERAL PARA USO DE GARAXE NO LUGAR DE ALAXE – VILLALPOL –PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D^a Yolanda Cociña Rivas con D.N.I nº: 34.635.161-J con domicilio en Avda. de Lugo, 2 baixo (27891 Cervo) para realización de obras de habilitación interior de edificación existente para uso residencial e ampliación lateral para uso de garaxe en lugar de Alaxe s/n.-Villalpol-Portocelo. Referencia catastral:27025A012002980000JM.-

Polígono nº 12.- Parcela nº 298

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, D. Tomás Rodríguez Rapa Colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como **solo de Núcleo Rural Zona de Expansión**, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de julio de 2012. **Burgo de Villalpol.-Xove.***
- *Trátase dunha edificación en uso na actualidade como edificación auxiliar para gardar aperos e cuia ampliación se pretende.*
- *Asimesmo, no proxecto, xustifícase, no Apartado da Memoria urbanística 1.2 o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de*

localización a adaptación do inmoble que se pretende ampliar, e a súa adaptación a vixente Normativa urbanística.

- *A edificación que se pretende, de acordo co proxecto que se achega, adáptase á tipoloxía do ámbito.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *As condicións de edificación adaptaranse ao previsto no Artigo 29 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de Ordenación Urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004 do 29 de decembro.*
- *No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación nos que son de aplicación neste caso.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 12.605,69€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 252,11€.

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D. HERMINIO BALSEIRO FRANCO RELATIVO A REPOSICIÓN DE CUBERTA DE VIVENDA SITA EN CERANZOS, Nº 43-XUANCES (XOVE).

Vista solicitude formulada por D. Herminio Balseiro Franco con D.N.I nº: 33.763.582-L con domicilio en Ceranzos Nº 43 (27877 Xuances) para realización de obras de reposición de cuberta de vivenda sita en Ceranzos, 43 (Xuances).

Ref.Catastral: 27025A015001390000JJ

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- *1º.-De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como SOLO DE NUCLEO RURAL AREA TRADICIONAL, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de xullo de 2012. Núcleo rural de Ceranzos.Xuances*
- *2º.- A parcela na que se ubica o inmoble da frente a un vial dependente da Diputación Provincial, se ben tendo en conta o apartado 2.2 da instrucción 1/1998 de 24 de xullo, sobre a aplicación da Lei do Solo de Galicia no marco da nova Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións, publicada*

no D.O.G de 25/09/1998, en donde se manifesta que o solo de núcleo rural pode considerarse equivalente ao solo urbán e efectos do seu réxime xurídico básico, a concesión da licenza é de competencia municipal. Considerando que según establece o artigo 7 da Lei 8/2013 do 25 de xullo, de Carreteras de Galicia en relación co disposto nos artigos 37 e 38.4.e do mesmo texto legal, e tendo en conta que o vixente P.X.O.M en vigor, foi sometido a informe da Deputación Provincial, non é preciso informe de dito organismo.

- *3º.-Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3.3 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a edificación na que se pretende arranxar a súa cuberta.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impoñense as condicións seguintes:

- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de reparación, nin supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación agás os elementos sustentantes da cuberta.*
- *Respetarase o primitivo deseño e tipoloxía da edificación e ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 29 da lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia, no relativo ás condicións de edificación. (LOUG).*
- *A cuberta deberá ser de pizarra.*
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario, e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 15/2004 do 29 de decembro, de modificación da Lei 9/2002 de protección do medio rural de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 10.593,48€ salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 211,87€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIONES POR RAZÓN DE SERVICIO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE MARZO-ABRIL-MAIO 2015.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ó meses de marzo, abril e maio de 2015 por importe de 548,07 €.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE MULLERES BOLBORETAS DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE MANUALIDADES.

Visto a solicitude da Asociación de Mulleres Bolboretas, con CIF G27119064 e domicilio a efectos de notificación no Colexio de Palmeiro (27879 Rigueira).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2015 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000,00 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 231.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.000 € para actividades formativas consistentes en cursos de manualidades, maquillaxe, bisutería con arcilla, arreglos navideños.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.400 €, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esquirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.2) SOLICITUDE DE DA A.P.A. DO CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES EDUCATIVAS DURANTE O CURSO ESCOLAR 2014-2015.

Visto a solicitude da A.P.A. do CEIP Pedro Caselles Rollán, con CIF:G27037787 e domicilio a efectos de notificación en Rúa Agramonte, 13 (27870 Xove)

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2015 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.200 €.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 326.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.200€ para a organización de diferentes actividades educativas e formativas durante o presente curso escolar 2014-2015.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.540€, correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2015, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para”. Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptárase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da

solicitud de subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.

- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 €, non se esquirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.3) ESCRITO DA UNIÓN DEPORTIVA XOVE-LAGO PRESENTANDO A DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA E SOLICITUDE DE LIBRAMENTO DO 30% RESTANTE DE PAGO

Visto o escrito presentado pola Unión Deportiva Xove-Lago con CIF: G27144203 e domicilio en C/ Acceso Campo de Fútbol, S/N (27870 Xove) no que se presenta a documentación xustificativa da axuda concedida pola XGL na súa sesión de data 9/2/2015 para a actividade de fútbol competitivo e formativo durante 2015.

Visto que a documentación reúne tódolos requisitos esixidos por acordo da Xunta de Goberno Local.

Visto o conforme da Interventora Municipal, acreditando a existencia de crédito comprometido na partida 341.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acordase:

- 1º) Aceptar a documentación presentada como conta xustificativa do gasto realizado para a obtención da subvención municipal.
- 2º) O libramento do 30% restante da axuda concedida, e que ascende a 11.400 €. Dito libramento queda condicionado non obstante e de acordo coa base nº 47 da Execución do Orzamento Municipal para 2015, á presentación antes do 20 de decembro de 2015 dos documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante.

D.4) SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO DE PAOLA DAYANNA VILCHEZ LÓPEZ.

Visto escrito de Dª Paola Dayanna Vilchez López con D.N.I. nº: 35.625.360-Q con domicilio en Urb. Palmeiro, 62 2º B (27879 Rigueira) no que solicita que lle sexa outorgada por parte deste Concello a tarxeta de estacionamento para minusválidos, acompañando certificado do grao de minusvalía do 65%, e no que sinala que non ten dificultades graves de mobilidade que lle impiden a utilización de transporte colectivo.

Visto ó informe emitido pola Traballadora Social, e a documentación obrante no expediente; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

- 1º) Conceder a tarxeta de estacionamento solicitada, adscrita ó vehículo Dacia Sandero con matrícula 2725 JFJ.
- 2º) A Notificación Dª Paola Dayanna Vilchez López os efectos procedentes.

D.5) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE MONTE DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D. Jesús Pérez Pedre con D.N.I. nº 33.857.175-W, con domicilio en Penasagudas, 1 (27879 Monte) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade (**dende o 23-10-2014 ó 22-04-2015**), iniciada a partir del 21/10/2002, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 28 de decembro de 1999, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe de 3.005,00€, e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.502,50€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A D^a SARA GOMEZ GOMEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Sara Gómez Gómez con D.N.I. nº 76.563.736-W , con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato por importe de 200,00 €.

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A D. MIGUEL ANGEL GARCIA SANCHEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Miguel Angel García Sanchez con D.N.I. nº 34.635.992-Q, con domicilio en C/ Tomás Mariño Pardo, 10 4º C (27870 Xove) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A D. SARA GOMEZ GOMEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Sara Gomez Gómez con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €.

D.10)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE Dª DOLORES HERMIDA PERNAS PARA Mª BEGOÑA QUELLE BARRO E ANA LOPEZ LOPEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polas traballadoras e pola empresaria, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan e que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballadoras
Dolores Hermida Pernas Avda. Arcadio Pardiñas, 77 Baixo 27880 Burela	Mª Begoña Quelle Barro Avda. Diputación, 34 2º A (27870 Xove)
	Ana López López Veiga, 1 (27879 Rigueira)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballadoras, os efectos oportunos.

D.11) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE CAOSA DENTAL C.B. PARA JESSICA SERRANO FRAILE.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Caosa Dental C.B. R/ A Penela, 6 (27890 San Cibrao-Cervo)	Jessica Serrano Fraile Rua Os Chozos, 4 2º C (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballadora, os efectos oportunos.

D.12) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DO RESTAURANTE LOUZAO S.L. PARA Mª SOLEDAD GARCIA RUIZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Restaurante Louzao S.L. Praia de Area, 14, (27866 Viveiro)	Mª Soledad García Ruiz C/ Tomás Mariño Pardo, 1 4º A (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e a traballadora, os efectos oportunos.

D.13)EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE MANTENIMIENTOS MAFER S.L. PARA JOSE MARTINEZ BALTAR.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Mantenimientos Mafer S.L. Avda. de Esteiro, 37 (15403 Ferrol-A Coruña)	José Martínez Baltar Ancil, 13 (27878 Lago)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e traballador, os efectos oportunos.

D.14) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO DE AUTOMOCION O CASTELO S.L. PARA NEREA SANTOS TALADRID.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e coa traballadora que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Automoción O Castelo S.L. Beltrán, SN (27878 Lago)	Nerea Santos Taladrid Urb. Palmeiro, 55 4º B (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas vixentes bases reguladoras do PEM.

3º) A notificación á empresa e a traballadora, os efectos oportunos.

D.15) SOLICITUDE DE YASMINA LOPEZ HERMIDA DE INCLUSIÓN NO PLAN DE EMPREGO COMO PERSOA TRABALLADORA.

Vista solicitude de Dª Yasmina López Hermida con domicilio en Vilela, 2 1ºA (27879 Rigueira) de inclusión no Plan de Emprego Municipal como persoa traballadora.

Visto o Informe do Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello que sinala que non procede a inclusión como persoa traballadora no PEM debido a que o Certificado de Empadronamento indica que non se cumpren os seis meses de empadronamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1) Denegar a solicitude de inclusión no Plan de Emprego solicitada en base ó informe emitido polo departamento de emprego municipal.

2º) A notificación á interesada ós efectos procedentes.

D.16) SOLICITUDE DE KEVIN ANTONIO FERNANDEZ BELLAS DE INCLUSIÓN NO PLAN DE EMPREGO COMO PERSOA TRABALLADORA.

Vista solicitude de Kevin Antonio Fernández Bellas con domicilio en Vilela, 2 1º (27879 Rigueira) de inclusión no Plan de Emprego Municipal como persoa traballadora.

Visto o Informe do Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello que sinala que non procede a inclusión como persoa traballadora no PEM debido a que o Certificado de Empadroamento indica que non se cumpren os seis meses de empadroamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1) Denegar a solicitude de inclusión no Plan de Emprego solicitada en base ó informe emitido polo departamento de emprego municipal.

2º) A notificación ó interesado ós efectos procedentes.

D.17) SOLICITUDE DE ROBERTO MASEDA MASEDA DE INCLUSIÓN NO PLAN DE EMPREGO COMO PERSOA TRABALLADORA.

Vista solicitude de Roberto Maseda Maseda con domicilio en Avda. Generosa Villalba Balsa, 17 (27870 Xove) de inclusión no Plan de Emprego Municipal como persoa traballadora.

Visto o Informe do Departamento de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello que sinala que non procede a inclusión como persoa traballadora no PEM debido a que o Certificado de Empadroamento indica que non se cumpren os seis meses de empadroamento.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1) Denegar a solicitude de inclusión no Plan de Emprego solicitada en base ó informe emitido polo departamento de emprego municipal.

2º) A notificación ó interesado ós efectos procedentes.

D.18) PROPOSTA DE ALCALDÍA DE AMPLIACIÓN DE DOTACIÓN ORZAMENTARIA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 25

DE FEBREIRO DE 2015 POLO QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DA AXUDAS MUNICIPAIS PARA O REMATE EXTERIOR (LUCIDO DE FACHADAS, ACONDICIONAMENTO DE ENTORNO E ACCESOS A VIVENDAS UNIFAMILIARES NO TERMO MUNICIPAL DENDE AS VÍAS DE TITULARIDADE PÚBLICA, ASÍ COMO PARA A CONSTRUCCION OU ACONDICIONAMENTO DE MUROS DE PECHES DE SOLARES NO CASCO URBANO DE XOVE.

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Por Acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de 25 de febreiro de 2015 aprobáronse as bases e a convocatoria para as bases e a convocatoria da axudas municipais para o remate exterior (lucido de fachadas, acondicionamento de entorno e accesos a vivendas unifamiliares no termo municipal dende as vías de titularidade pública, así como para a construción ou acondicionamento de muros de peche de solares no casco urbano de Xove.

A Base Terceira establece que a contía máxima destinada ás axudas é de 20.000,00 € (partida 1522.789 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal).

Asímesmo, establece que ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparellado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da Lei anterior.

Na data actual, dado o volume de solicitudes presentadas desta axuda e que non poden ser atendidas polo esgotamento do crédito inicialmente consignado, resulta necesario incrementar a dotación orzamentaria destinada a esta axuda.

Por todo o exposto propono á Xunta de Goberno Local:

- *Primeiro.- proceder consonte ó previsto no anteriormente citado Artigo 31.2 da Lei 9/2007 de 13 de Xuño, a unha nova convocatoria, ampliando a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas económicas de referencia, na contía de 10.000,00 Euros, con cargo á partida 1522.789 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal.*
- *Segundo.- A ampliación de crédito non implica a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

- *Ampliar a dotación orzamentaria asignada para a concesión das axudas económicas do epígrafe na contía de 10.000,00 euros, con cargo á partida 1522.789.*
- *A ampliación de crédito non implica a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.*

D.19) RESOLUCIÓN DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DE UN ANAGRAMA PARA O DEPORTE MUNICIPAL.

Por Secretaría dáse conta da acta do xurado do concurso de Confección dun Anagrama para o Deporte Municipal e que se transcribe de seguido:

En Xove, a 20 de maio de 2015, sendo as 20:30 horas, reúnese o Xurado do Concurso de Confección de un anagrama para o Deporte Municipal, organizado pola Concellería de Deportes. Xurado formado por D. Demetrio Salgueiro, Dna. Ana Abad, Dna. Dolores Meitín, Dº Roberto Fernández e D. Antonio Rey da S.D. Fútbol Sala de Xove, D. Bernardo Rouco do Club Natación Xove, D. Jose Manuel Blanco e Dna. Mª José Sánchez da Asociación Cultural e Deportiva Xove, Dna. Dolores Baño do Club de Bolos. Actuando como Secretaria Dna. Cristina Iglesias Guerreiro responsable do Departamento de Deportes, acordando o seguinte:

1º.- Conceder o premio do concurso de confección de un anagrama para o deporte municipal a: Dna. Lisett Escobar Seoane (DNI: 35623019-K).-
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º).- Conceder o premio do concurso de confección de un anagrama para o deporte municipal a: Dna. Lisett Escobar Seoane (DNI: 35623019-K).-
2º).- A notificación á interesada, os efectos procedentes.

D.20) APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DE UN CARTEL PARA AS FESTAS DE SAN BARTOLO 2015.

Por Secretaría dáse conta das bases, confeccionadas polos servizos municipais, e que se transcribe de seguido:

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CONFECCIÓN DE UN CARTEL PARA AS FESTAS DE SAN BARTOLO 2015.

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá no deseño de logos institucionais, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes que interveñan nos citados actos, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO.- *Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento do premio do concurso de deseño de un cartel para as Festas de Xove 2015 organizado polo Concello de Xove.*

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES.- *Poderá participar no concurso e ser beneficiario deste premio calquera persoa empadroadada no Concello de Xove.*

A documentación a presentar será a seguinte:

- *Ficha de inscrición establecida ao efecto con número de Rexistro.*
- *Fotocopia do DNI do autor-a*
- *Cartel en formato impreso e/ou dixital.*
- *Ficha Técnica (breve descrición do cartel)*
- *No caso de participantes menores de idade, deberase entregar ademais unha fotocopia do DNI do pai/nai/titor-a.*

TERCEIRA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DO ANAGRAMA OU LOGO.

- *Temática: O cartel deberá patrocinar as festas patronais de Xove.*
- *Deberá figurar obrigatoriamente no mesmo o texto “San Bartolo 2015”*
- *Os deseños deberán ser orixinais e inéditos realizados polos propios participantes. En ningún caso se aceptarán deseños copiados ou realizados por persoas distintas das participantes.*

No caso de que a organización comprobe algunha irregularidade na presentación dos deseños (copias ou non autoría) suporá a inmediata eliminación do participante no concurso.

- *Cada participante poderá entregar un único deseño.*

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO.- *O xurado estará composto por membros de Asociacións Inscritas no Rexistro Municipal, así como os representantes da Xunta de Goberno Local do Concello de Xove e os membros da Comisión de Festas.*

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO .- *A contía máxima destinada ao presente premio é de 100€ (partida 338.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal para 2015)*

SEXTA.- PREMIO.- *Haberá unha única categoría.*

O premio será de 100 euros en metálico.

O autor cederá tódolos seus dereitos sobre a súa obra ao Concello de Xove.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, o premio que se conceda non está suxeito a retención.

SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS.- *Unha vez rematado o prazo de entrega, o xurado reunirse na segunda semana do mes de xullo e levantará acta na que conste o premiado.*

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará á Xunta de Goberno Local ou á Alcaldía, segundo sexa un ou outro o órgano competente para a concesión dos premios.

O fallo do xurado darase a coñecer a mediados do mes de xullo.

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.- *A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.*

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º.- Aprobado as bases reguladoras da concesión de Premios do Concurso de Confección de un cartel para as Festas de San Bartolo 2015, así como a convocatoria para o exercicio 2015

2º.- Autorizar o gasto de 100,00 euros con cargo á partida 338.481 do Estado de Gastos para o exercicio de 2015.

3º.- Ordear a súa publicación na páxina web municipal e mediante anuncios no taboleiro de anuncios do concello ou calquera outro medio.

D.21) INFORME DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS VERBO DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL OUTORGADAS NO PRESENTE EXERCIZO 2015.

Por Secretaría dáse conta á Xunta de Goberno do Informe do epígrafe que se transcribe integramente:

Dna. Ana de la Barrera Vila, Traballadora Social do Concello de Xove (Lugo),

INFORMA:

Que desde o mes de xaneiro de 2015 ata a data, o Departamento de Servizos Sociais tramitou un total de catro axudas de Emerxencia Social, concedéndose todas mediante Resolución de Alcaldía debido ao carácter de urxencia de cada unha delas, e ascendendo a un total de 833,80.-€. Das catro axudas, dúas foron concedidas para o mantemento da vida no propio domicilio, unha para paliar a situación de necesidade persoal e cubrir necesidades básicas como é a alimentación e, por último, unha destinada a situación especial que requiriu traslados para o mantemento da saúde.

Que os expedientes obran no Departamento Municipal de Servizos Sociais e que se deu conta aos membros da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 3 de xuño de 2015.

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo.

